

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso dunha valoración de discapacidade

Expediente: G.6.Q/23934/17

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2018

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] referente ao retraso dunha valoración de discapacidade.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que ten diversos problemas de saúde polos que se atopa á espera de valoración da súa situación de dependencia. Contaba con expediente de grao de discapacidade ([REDACTED]) dende 2006, mantendo un grao do 65% provisional ata 2011. Por circunstancias persoais agravadas por un incendio, que destruíu gran parte dos seus bens, carece das resolucións do expediente, soamente o anexo. Ela entendía que a súa valoración xa era definitiva. Descoñece ter recibido notificación algunha de revisión previa ao arquivo do seu expediente e a perda da súa condición de persoa con discapacidade e dos correspondentes dereitos. O seu estado de saúde viuse agravado nos derradeiros anos e especialmente nos derradeiros meses (ingreso hospitalario en novembro de 2016...). Despois de estar no domicilio dun familiar recolleu a notificación de arquivo de expediente, pero non puido facer as accións oportunas debido a súa convalecencia. Esgotou os períodos máximos de incapacidade temporal e foille recoñecida incapacidade permanente absoluta para a súa actividade laboral en maio. Pero o arquivo do seu expediente de grao discapacidade “privoulle dos seus dereitos como tal, véndose prexudicada”. Indicáronlle que volvera a solicitar a valoración de discapacidade, o que fixo o 24 de febreiro de 2017, pero ao parecer perde a súa condición de persoa con discapacidade durante 2016 e non se lle mantén ata que sexa novamente valorada a pesar da cronicidade das súas patoloxías de saúde, sinala. Polo exposto solicitou á Xunta un duplicado do seu expediente [REDACTED] co obxecto de ter acceso aos motivos que levaron consigo o arquivo. Tamén, dada a súa situación de saúde e que a causa que motivou a súa incomparecencia foi o seu estado de convalecencia solicitou a axilización da súa nova valoración. Reclama que se estude se procedía o arquivo do expediente e a viabilidade de que lle manteñan con carácter retroactivo o grao de discapacidade dada a cronicidade das súas doenzas.

2. Ante iso requirimos información á Consellería de Política Social, que nola remitiu. A consellería argumentou que a valoración pendente é ordinaria e que por esa causa non se dará ata 2019, a pesar de que a solicitude é de febreiro de 2017. Loxicamente ese tempo de espera debe considerarse desproporcionado, en especial se se ten en conta que a persoa afectada xa estaba recoñecida con discapacidade e agora perdeu esa consideración. En diferentes ocasións a consellería indicou que adoptaría medidas para corrixir os amplos retrasos nas valoracións de discapacidade, que ocasionan considerables problemas tamén nos casos ordinarios que non se consideran prioritarios, como temos trasladado á consellería.

3. Polo exposto de novo nos diriximos á consellería co fin de requirir que con urxencia facilitara aclaración. A Consellería de Política Social remitíunola e nela sinálase o seguinte:

“... Tal e como indicamos no informe de data 28/09/2017, ██████████ non acredita de forma documental ningún motivo de urxencia na solicitude revisión da súa situación de discapacidade, polo que a tramitación do seu expediente seguirá a orde de entrada de conformidade co previsto no artigo 16.1 da Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOG nº 236 do 11 de decembro de 2015). En principio a estimación de citación que da a unidade administrativa competente na tramitación desta solicitude, a Sección de Valoración e Cualificación de Discapacidades de Vigo, é para o ano 2019. Non obstante, coa actual incorporación de médicos do SERGAS como apoio ao proceso de valoración, así como coa implementación doutras medidas que se poidan aplicar durante o ano 2018, esta data estimada de citación anticiparase, sen poder determinar nestes momentos canto”.

ANÁLISE

1. Coa información achegada confírmase o expresado polo afectado na queixa, que o procedemento se retrasa, posto que a consellería anuncia a data aproximada da resolución para este ano, sen concretar cando.

2. A situación de atraso nas valoracións e resolucións dos expedientes de recoñecemento de situación de discapacidade é coñecida a través deste e doutros expedientes, e, como pode apreciarse, o problema continúa, sen que se dera solución. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas, que prexudican os cidadáns afectados.

3. Estes problemas foron tratados en diferentes informes ao Parlamento e seguen sen solución, como o demostra a presente queixa. Comprobamos que en moitos casos teñen efectos prexudiciais.

4. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a Administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo á valoración e recoñecemento da situación de discapacidade da reclamante, posto que se atopa atrasado, de tal maneira que non se produzan demoras prexudiciais; e que con carácter xeral se solucione o importante retraso que afecta as valoracións de discapacidade.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes dea conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo